

A Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural e a cultura da sustentabilidade: unha aposta “con sentidiño” polo medio rural galego

Francisco Xosé Candia Durán

Universidade de Santiago de Compostela francisco.candia@usc.gal

Uxía Garrido Filgueira

Universidade de Santiago de Compostela uxia.garrido@usc.gal

Foi no cambio de década dos 80 para os 90 do pasado século cando comezou a súa andaina a *Mesa Galega de Educación no Rural* (constituída polos principais mwp galegos, os sindicatos do ensino, a Fundación *Preecolar na casa* e a coordinadora galega de CRA), unha plataforma cívica orientada á posta en valor da escolarización no medio rural galego e á defensa do mantemento das instalacións e servizos educativos no medio rural. O seu labor, necesario, incesante e pouco recoñecido, bateu con frecuencia contra a política educativa autonómica que, dunha maneira máis ou menos intencional, vén reducindo desde hai décadas o número de colexios, unidades e servizos de educación nas aldeas e concellos rurais galegos, medidas que a administración xustifica coas cuestionables razóns da imposible sostibilidade económica e da mellorable calidade pedagóxica do servizo público de educación para poboacións escolares pequenas.

Mais a realidade torturada e teimuda do rural evidenciaba unha e outra vez que os problemas educativos non debían ser desligados doutras moitas dimensións ou circunstancias (de tipo sociolóxico, económico, infraestrutural etc.) que definen o medio rural galego en cada momento. A escasa presenza na Mesa de axentes territoriais que favorecesen esta perspectiva máis integral/holística, dificultaba a cotío a posibilidade de conseguir melloras perdurables para o rural, mesmo pensando de xeito específico no eido estritamente escolar.

Daquela, por iniciativa do grupo de educación no rural do mwp *Nova Escola Galega* e doutros axentes sociais de longa traxectoria comunitaria na defensa do rural, e recollendo todo o traballo dinamizador e activismo desenvolvido pola Mesa durante tres décadas, no 2017 comeza a dar os primeiros pasos un novo espazo de confluencia de persoas particulares, colectivos e organizacións (veciñais, culturais, ecoloxistas, feministas, pedagóxicas, sindicais, familias de alumnado, pequenos produtores etc.) que comparten a idea da necesidade de defender colectivamente un medio rural galego desenvolvido desde a sustentabilidade ecosistémica como garante da sustentabilidade socioeconómica e dos sinais de identidade cultural.

É desta maneira como xorde a *Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural* (máis coñecida por *Rede do Rural*: <https://www.rededorural.org/quen-somos.html>), movemento asembleario e plural que aposta por un medio rural galego vivo, realista, resiliente, diversificado e demograficamente renovado, no que poder traballar, vivir, educarse e convivir con dignidade, xustiza e orgullo. A Rede nace pois en resposta á necesidade de ampliación da acción social da Mesa, para posibilitar tamén a interlocución coas administracións, para poñer en contacto e ser punto de confluencia do movemento asociativo galego en defensa do rural, para dar a coñecer iniciativas exitosas de desenvolvemento alternativo... en definitiva, para cohesionar e vertebrar o activismo ruralista. A Rede persegue un tratamento global dos problemas que lle afectan ao rural galego e a defensa colectiva das virtudes polas que merece

ser preservado e valorizado, polo que demanda da administración autonómica servizos públicos de calidade, a posta en marcha dunha verdadeira estratexia integral de desenvolvemento rural sustentable, e un plan de educación específico para o rural galego (inserido precisamente dentro da mencionada estratexia integral), liñas de traballo que a Mesa viñeira desenvolvendo durante 30 anos.

A idea de desenvolvemento que defende a Rede do Rural xorde como reacción fronte a unha situación que en numerosos territorios rurais galegos pode considerarse como abandono, deterioro, desfeita, espolio, sobreexplotación, depredación ou inxustiza. Contra esta realidade a Rede quere estimular alternativas baseadas nun modelo de desenvolvemento asentado na cultura da sustentabilidade e que tome en consideración o estado de emerxencia climática e de perda de biodiversidade que padecemos. En suma, un modelo “con sentidiño”...

- que respecta e protexe o medio natural e os ecosistemas rurais,
- que pon en valor as potencialidades endóxeas do territorio,
- que foxe do perverso discurso da dualidade crecemento-decrecemento,
- que persegue a descarbonización enerxética, así como a máxima redución no uso de combustibles fósiles e na produción de residuos non biodegradables,
- que anima a produción local de baixa ou media escala, “amable” co territorio, con circuítos de distribución de proximidade, produción inserida na comunidade, respectuosa coas persoas e cos seus dereitos laborais,
- que non despreza prácticas tradicionais nin modernas sempre que camiñen na liña da transición ecolóxica,
- que rexeita macroinstalacións e infraestruturas que exceden unha capacidade de carga razoable para as condicións sociais e ambientais dos espazos rurais e para as necesidades da súa poboación,
- que atende moi especialmente a escola rural, pero que non esquece o enorme papel que no medio rural xogan as iniciativas de educación non formal e informal,
- que se substancia na experiencia pasada e na participación activa, individual e colectiva, das persoas que habitan o rural, que deben ser consideradas á hora de definir políticas relacionadas co medio no que viven (e que sustentan),
- que valoriza a axuda recíproca, as actividades comunitarias e interxeracionais, a dinamización sociocultural, a cultura popular e as raíces antropolóxicas; en definitiva, que estimula a idea de comunidade rural.

En síntese, a Rede do Rural interpreta que só cun modelo de desenvolvemento sustentable no social, no ambiental e no económico, adaptado a cada zona concreta pero con esencia eminentemente humana, será posible asegurar para o futuro inmediato a existencia “saudable” do medio rural galego, combater o grave devalo demográfico que padece (así como o envellecemento da poboación), soster en boas condicións e aproveitar as potencialidades das paisaxes rurais, mellorar a calidade de vida individual e a felicidade de cada habitante, e así, en consecuencia, incrementar o benestar social colectivo de cada unha das nosas comunidades rurais. Hai ademais un interese global para que isto aconteza: manter o equilibrio ecolóxico dos biótopos antropolóxico-territoriais e conseguirmos frear o cambio climático (dous dos obxectivos planetarios para o século XXI) son desafíos que non só concirnen a contextos urbanos; en tanto en canto se conte na súa resolución coa poboación rural será posible (ou non) a desexada transición ecolóxica, que en boa medida se xoga (se está xogando xa) no territorio rural.

Referencias

- Costa, Antón (2014). Escolas en contornas rurais en Galicia: horizonte difícil/horizonte posible. *Innovación Educativa*, 24, 133-153. En <http://www.usc.es/revistas/index.php/ie/article/view/2154>
- Doldán, Xoán R. (2013). *Guía para o descenso enerxético. Preparando unha Galiza pospetróleo*. Santiago de Compostela (A Coruña): Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo. En <http://galiza.pospetroleo.com/download/guia-para-o-descenso-enerxetico-version-pdf-baixa-resolucion/>
- García-Sabell, Domingo e outros (1975). *A Galicia rural na encrucillada*. Vigo (Pontevedra): Galaxia.
- Investigadores da Aldea-Rede ReVOLTA (2018). *Revoltando á terra. Reinventando o rural*. Santiago de Compostela (A Coruña): Bolanda.
- López, Alicia e Candia, Francisco X. (2014). A loita pola educación no rural galego: unha teima que non acouga. Apuntamentos para unha historia do período 1975-2014. *Innovación Educativa*, 24, 173-214. En <http://www.usc.es/revistas/index.php/ie/article/view/2218/2273>
- López, Alicia e Fernández, Concha (2006). Algo de historia e actualidade para coñecer a Mesa de Educación no Rural. *Revista Galega de Educación*, 35, 74-77. En <http://neg.gal/almacen/documentos/RGE/35%20RGE.pdf>
- Mesa Galega de Educación no Rural (2006). *A educación no rural en Galiza*. Sada (A Coruña): Eds. do Castro. En http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/A_educaci%C3%B3n_no_rural_en_Galiza.pdf